

OS DATOS DA REFORMA DAS PENSIÓNS	
Reforma das pensións asinada por PSOE-CCOO-UGT-CEOE	
antes	despois
Amplía novamente o período para calcular a pensión	
15 últimos anos traballados	25 últimos anos traballados
Aumenta a idade de xubilación	
65 anos	67 anos
Aumenta o período mínimo de cotización para cobrar o 100% da pensión	
35 anos	Xubilación aos 65 anos: 38 anos e 6 meses Xubilación aos 67 anos: 37 anos
Eleva a idade mínima de xubilación	
61 anos	63 anos e 33 anos cotizados
Introduce mecanismos para empobrecer automaticamente as pensións no futuro	
	Desde o 2027 o sistema de pensións será revisado cada 5 anos para adaptalo á evolución do sistema



UGT e CCOO venderon as nosas pensións. Estes dirixentes teñen poder para facer isto porque os traballadores e traballadoras llo outorgamos. Sendo representantes sindicais e afiliados destes sindicatos estades avalando a súa política e perdendo os vosos dereitos. Non colaboredes con eles.



UGT E CCOO **VENDERON** AS NOSAS PENSIÓNS



1

Estiveron a negociar durante un mes para finalmente aceptar o que quería o Goberno: **retrasar a xubilación aos 67 anos** con carácter xeral e incrementar o cálculo da pensión dos 15 aos últimos 25 anos traballados. Estas medidas, segundo o propio Ministerio de Trabajo, **reducirán aproximadamente un 27% a cuantía das nosas pensións.**

2

O Acordo para a Reforma das Pensións é unha das medidas máis duras contra os desempregados/as. Cada ano xubiláanse aproximadamente 150.000 persoas. **Retrasar a xubilación significa retrasar a entrada dos novos no traballo.** Como poden explicar aos 4.700.000 desempregados e desempregadas que con esta reforma terán máis dificultades para atopar emprego?

3

O sistema de pensións nunca estivo en perigo e ten asegurado o futuro. O ano pasado, con 4.700.000 parados, tivo 2.382 millóns de euros de superávit, máis 8.000 millóns de cuotas aprazadas ás empresas. Este pacto sobre as pensións deixa satisfeitas a banca e as corporacións financeiras, posto que **derivará miles de millóns de euros a pensións privadas.** Isto é o que querían.

4

Noutros países de Europa, a maiores das propias cotizacións, as pensións tamén se financian con partidas de impostos xa aplicados, como os dos carburantes, IRPF, ou IVE. Por que non o fan aquí? Sabías que coas cotizacións da Seguridade Social pagamos ás mútuas e os salarios dos seus executivos que superan os 200 mil ao ano? Por que non reforman isto e disporíamos de máis diñeiro para as pensións?

5

Desde hai anos **tanto UGT como CCOO xestionan Plans Privados de Pensións** en colaboración co BBVA. Aceptan esta reforma e ao mesmo tempo incrementarán o seu negocio como se fosen un Banco.

6

Como explicarán estes sindicatos aos traballadores e traballadoras dos sectores máis castigados fisicamente (construción, naval, automóbil, industria, conserva, limpeza, textil, hostalaría, supermercados, mar, etc.) que **terán que xubilarse como mínimo aos 63 anos**, pero que nesta idade **terán uns descontos aínda maiores** un 7'5% por cada ano ata os 67?

7

O Estado español (con Irlanda e Reino Unido) é agora, en virtude deste pacto asinado por CCOO e UGT, **o que máis retrasa a idade de xubilación** na Europa dos 25.

8

As reformas buscan sempre diminuír as rendas da clase traballadora para transferilas ao capital. A reforma laboral de setembro deixanos máis indefensos para defendernos, con menos dereitos temos menos forza para defender os nosos convenios. A ecuación é simple: **menos salario traballando máis.** A reforma das pensións busca o mesmo, **menor renda para nós e máis para o capital financeiro.**

O INCREMENTO DA IDADE DE XUBILACIÓN E O EMPOBRECEMENTO DAS PENSIÓNS

Impacto da reforma das pensións pactada polo PSOE, CCOO, UGT e CEOE

